




# Concello da Coruña

Area / Unidade CONCESIONES Y PATRIMONIO MUNICIPAL JDRF	Documento AD118I00AU	
Código de verificación  1G2X 4669 0N52 4S5C 196L	Expediente 108/2022/2221	
	Data 23-09-2024	

**Tribunal do proceso selectivo convocado para a cobertura dunha praza de técnico/a de administración xeral (subgrupo A1), dentro do proceso extraordinario de estabilización do emprego público, C.E. 10/17.**

## RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS AO PRIMEIRO EXERCICIO

O pasado 10 de setembro de 2024 publicouse o cadro das respostas correctas do cuestionario do primeiro exercicio. Concedeuse un prazo de 5 días hábiles para formular alegacións.

Presentáronse en tempo e prazo un total de 2 alegacións que afectan a 3 preguntas do cuestionario.

A continuación, dáse traslado do extracto da acta na que se recollen as deliberacións do tribunal ao respecto das alegacións presentadas:

“ O tribunal procede de seguido a resolver cada unha das alegacións pola orde na que as preguntas alegadas figuran no cuestionario do primeiro exercicio da proba selectiva.

**PREGUNTA NÚMERO 30:** A alegante considera que a resposta correcta é a A, e segundo a opositora figuraba publicada como correcta a B. A opositora ten un erro na súa apreciación, xa que a resposta publicada como correcta, xa era a resposta A.

En consecuencia, o Tribunal acorda **DESESTIMAR a citada alegación**.

**PREGUNTA NÚMERO 54:** A alegante considera que a resposta esta mal formulada dado que textualmente di: “*Tanto el enunciado como las respuestas no se corresponden con el artículo 236 de la Ley 9/2017 mencionado, sino con el artículo 236 de dicha ley*”, pedindo a súa anulación.

En consecuencia, o Tribunal acorda **DESESTIMAR a citada alegación** dado que a pregunta realizada non pode xerar ningún tipo de dúbidas, en canto se está a preguntar por cando comeza a execución do contrato de obras, de forma que o posible equívoco, se existira, dedúcese facilmente do contexto, podendo contestar a pregunta correctamente.

**PREGUNTA NÚMERO 4 DE RESERVA:** De acordo co artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais di:

*“Contra os actos de aplicación e efectividade dos tributos e restantes ingresos de dereito público das entidades locais, só poderá interpoñerse o recurso de reposición (...)”.*

E o artigo 137 da Lei 7/1985, do 2 de abril regulador de Bases do Réxime Local, di o seguinte no seu punto 3:

*“Con todo, os interesados poderán, con carácter potestativo, presentar previamente contra os actos previstos no apartado 1 a) o recurso de reposición regulado no artigo 14 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais. Contra a resolución, no seu caso, do citado recurso de reposición, poderá interpoñerse reclamación económico-administrativa ante o órgano previsto no presente artigo”.*

A alegante fundamenta no seu escrito de alegación, en que en ningún momento se establecen excepcións nin diferencias segundo a clase de municipios en relación ao carácter potestativo do recurso, e por tanto, as respostas A e D non son correctas, a resposta B é incorrecta, e sendo correcta a opción C. Solicitando por tanto a modificación da resposta correcta.

En consecuencia, o Tribunal acorda **DESESTIMAR a citada alegación** dado que a diferencia entre o réxime común expresado no artigo 14.2 do RDL 2/2004 e o réxime de municipios de gran poboación é precisamente o carácter potestativo do recurso de reposición recollido no artigo 137.3 da Lei 7/1985, e polo tanto a única resposta correcta é a A. “

Á vista do anterior, o cadro de respostas correctas non experimenta ningunha variación ao respecto do publicado o 10 de setembro de 2024.

A Coruña, na data da sinatura dixital deste documento electrónico

O secretario do Tribunal